

VI. ANUNCIOS**B) ADMINISTRACIÓN LOCAL****DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO**

ANUNCIO da convocatoria e das bases para a provisión do posto de traballo de letrado asesor especialista en consultivo-contratación, reservado a persoal funcionario, para prover polo sistema de concurso específico de méritos.

No *Boletín Oficial* da provincia de Lugo número 59, do 12 de marzo de 2019, publicáronse integramente as bases que rexerán a convocatoria para prover, mediante concurso específico de méritos, o seguinte posto de traballo:

Denominación: letrado/a asesor/a especialista en consultivo - contratación.

Número de vacantes: 1.

Adscrición: Asesoría Xurídica da Deputación Provincial de Lugo.

Clasificación: técnico/a superior, grupo A - subgrupo A1, na área ou especialidade xurídica, con titulación de acceso á praza de licenciado/a en Dereito ou equivalente.

Presentación de solicitudes: presentaranse no modelo oficial publicado no *Boletín Oficial* da provincia de Lugo número 59, do 12 de marzo de 2019 e na páxina web www.deputacionlugo.org, epígrafe emprego público, RRHH (formato word).

Lugar de presentación: Rexistro Xeral desta entidade ou a través das formas establecidas no artigo 16 da vixente Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Prazo de presentación: quince días hábiles contados desde o seguinte ao da publicación deste anuncio no *Boletín Oficial del Estado* (BOE).

Faise constar expresamente que os sucesivos anuncios referentes a esta convocatoria, cando procedan de conformidade coas bases, publicaranse no *Boletín Oficial* da provincia de Lugo, no taboleiro de edictos desta corporación e na súa páxina web.

Lugo, 12 de marzo de 2019

O presidente da Deputación Provincial de Lugo
P.D. (Decreto 402/2017, do 24 de febreiro)
Pablo Rivera Capón
Deputado provincial de Lugo

O presente documento estará
exposto no Taboeiro de
Anuncios desta Deputación
desde o día 20-03-2019
ata a día 05-04-2019
O XEFE DA UNIDADE
PORTERÍA E VIXIANCIA

CVE-DOG: zx4sn6a6-vmw3-jmy5-rhj8-q99y3lcw8v5



**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 <http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>